

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

*ORDE do 18 de maio de 2015 pola que se convocan para o ano 2015 as axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013.*

Mediante a Orde do 11 de xuño de 2013 (DOG nº 116, do 19 de xuño), a Consellería do Medio Rural e do Mar estableceu as bases reguladoras das axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013.

Iniciado o exercicio orzamentario 2015, procede realizar a convocatoria correspondente a este ano.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto convocar para o exercicio orzamentario 2015, en réxime de concorrencia polo sistema de rateo, as axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, cuxas bases reguladoras son as contidas na Orde do 11 de xuño de 2013, publicadas no DOG nº 116, do 19 de xuño.

A finalidade desta liña de axudas é fomentar a participación dos agricultores e gandeiros nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, mediante a contribución ao financiamento dos custos fixos que esta participación ocasiona.



## Artigo 2. *Solicitudes e procedemento de xestión*

1. As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as recollidas na Orde do 11 de xuño de 2013 pola que se estableceron as bases reguladoras destas axudas.

2. No caso de axudas correspondentes a programas de calidade xestionados por consellos reguladores que teñan asinado o convenio a que se refire o punto 2 do artigo 6 das bases reguladoras, as solicitudes presentaranse de maneira colectiva, de acordo co modelo que figura no anexo II-A («Solicitud de axuda a produtores tramitada polos consellos reguladores que teñan formalizado convenio de colaboración») desta orde, actuando os ditos consellos, ademais de como entidades colaboradoras, como representantes dos beneficiarios. Xunto coa solicitude achegarán unha relación numerada de produtores solicitantes da axuda, de acordo co modelo do anexo II-B e certificado de que todos os produtores teñen as súas explotacións inscritas no correspondente programa de calidade e están sometidos aos controis pertinentes.

Para acreditar a vontade dos beneficiarios de solicitar a axuda, a entidade colaboradora deberá dispor das correspondentes solicitudes individuais cubertas polos beneficiarios, conforme o modelo que figura no anexo II-C («Autorización ao consello regulador para tramitar as axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada») e cumprir o establecido no artigo 32.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No caso de produtores que participen en programas de calidade nos cales non exista un órgano de representación que teña asinado convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar, as solicitudes presentaranse anualmente de xeito individual conforme o anexo I («Solicitud de axuda para produtores non inscritos en consellos reguladores e produtores inscritos en consellos reguladores que non teñan formalizado convenio de colaboración») acompañado da copia do DNI (no caso de non autorizar a consulta de datos de identidade) e, no caso das persoas xurídicas, da acreditación da representación.

4. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se



regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

7. Non se concederán nin se pagarán subvencións a solicitantes ou beneficiarios que non estean ao día nas obrigas tributarias (Ministerio de Economía e Facenda) e coa Seguridade Social, ou que teñan débedas pendentes de pagamento coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Facenda) consonte o establecido nos artigos 11 e 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Para eses efectos, a presentación da solicitude de axuda supón a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións acreditativas correspondentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda, consonte o establecido no artigo 10 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento e, neste caso, deberá presentar as certificacións correspondentes. No caso de que o importe da axuda non sexa superior a 1.500 euros, as ditas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable de estar ao día no seu cumprimento, conforme o establecido no artigo 51 da Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

8. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### Artigo 3. *Gastos atendibles na convocatoria de 2015 e contía das axudas*

1. Segundo o recollido nas bases serán subvencionables, excluídos impostos recuperables, os gastos derivados da inscrición e as cotas de participación nun programa de calidade diferenciada dos alimentos do sector agroalimentario galego, incluíndo, se é o caso, os gastos de rexistro, control ou inspección e certificación necesarios para comprobar o cumprimento das especificacións do programa. Non se considerarán subvencionables os custos internos ou de autocontrol.

A contía da axuda poderá chegar ata o 100 % dos gastos subvencionables realizados, sen superar os 3.000 euros anuais por explotación, durante un período máximo de cinco anos.

2. Para a convocatoria de 2015 serán atendibles os gastos imputados á campaña anual que comprende o período que vai do 1 de xuño de 2014 ata o 31 de maio de 2015.

### Artigo 4. *Financiamento das axudas*

1. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural e do Mar para o ano 2015, na aplicación orzamentaria 12.22.713D.770.1,



cunha dotación de oitocentos mil euros (800.000,00 €). Este importe poderase incrementar con remanentes adicionais, de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

2. Deste orzamento inicial, destinarase o 50 % para financiar as solicitudes dos agricultores e gandeiros que participen no programa de calidade diferenciada da produción agrícola ecolóxica, regulada polo R (CE) 834/2007 do Consello, do 28 de xuño, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, e o 50 % para atender as restantes solicitudes. Os remanentes que puideren existir logo de atender as peticións dos solicitantes dun dos grupos antes establecidos poderán ser utilizados para ampliar a dotación do outro.

3. As axudas que establece esta orde están cofinanciadas con fondos da Unión Europea, a través do Feader, cunha participación do 75 %.

#### Artigo 5. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

#### Artigo 6. *Órganos competentes para a instrución e resolución*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria a instrución do procedemento. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta orde, a dita dirección xeral requirirá o interesado para que a repare no prazo máximo e improrrogable de dez días e indicarlle que, se non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A Dirección Xeral de Producción Agropecuaria elaborará a proposta de resolución, que elevará ao órgano competente para resolver.

A proposta deberá conter unha relación dos solicitantes para os cales se propón a axuda e a contía desta.



3. As solicitudes serán resoltas pola persoa titular da Consellería do Medio Rural e do Mar.

#### Artigo 7. *Prazo de resolución e notificación*

1. Consonte o establecido no artigo 8 das bases reguladoras, as solicitudes destas axudas resolveranse no prazo máximo de cinco meses contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria. Se transcorrer o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

2. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da indicada lei, a notificación realízase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Nesta publicación informarase de que a medida se subvenciona en virtude dun programa cofinanciado con fondos Feader incluído dentro do eixe 1 («Mellora da competitividade do sector agrario e forestal») medida 132.00 («Apoio aos agricultores que participan en programas relativos á calidade do alimento») e especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a finalidade da subvención outorgada, a cantidade concedida o prazo máximo para a realización e xustificación dos gastos soportados, que será, polo menos, posterior en quince días á finalización da realización do gasto subvencionado, así como a indicación das causas da desestimación e expresarán, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, órgano administrativo ou xudicial ante o cal deben presentarse e prazo para interpoñelos.

Se a instrución do procedemento o aconsellar, poderase substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

#### Artigo 8. *Réxime de recursos*

A resolución da subvención porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería do Medio Rural e do Mar no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución for expresa.



### Artigo 9. *Tramitación do pagamento das axudas*

Realizados os gastos, dentro do prazo que se indique na resolución de concesión, e en calquera caso antes do 15 de novembro, presentárase a documentación que se recolle nos parágrafos seguintes.

a) No caso de solicitudes colectivas, cada entidade colaboradora remitirá:

1º. Solicitud de pagamento (anexo III-A Solicitud de pagamento da axuda para produtores inscritos en consellos reguladores que teñan formalizado convenio de colaboración).

2º. Relación numerada de beneficiarios inscritos no programa de calidade que solicitan o pagamento da axuda (anexo III-B).

3º. Xustificantes dos gastos efectuados por cada produtor: facturas orixinais ou documento de valor probatorio equivalente, cunha relación numerada delas, así como a documentación que acredite o seu pagamento. Os orixinais marcaranse cun selo que indique a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención. Sen prexuízo do disposto anteriormente, as entidades colaboradoras presentarán certificación de que o gasto está realizado e pagado e que constan no seu poder os xustificantes dos gastos de cada produtor.

4º. Certificado que corresponda ao ano corrente, emitido polo organismo que realiza os controis (consello regulador, Ingacal ou organismo independente de certificación), en que se acredite que todas as explotacións obxecto da solicitud están inscritas no correspondente programa de calidade polo cal se solicita a subvención e están sometidas aos controis pertinentes.

b) No caso de solicitudes individuais cada produtor remitirá:

1º. Solicitud de pagamento (anexo IV-Solicitud de pagamento para produtores non inscritos en consellos reguladores e produtores inscritos en consellos reguladores que non teñan formalizado convenio de colaboración).

2º. Xustificantes dos gastos efectuados: facturas orixinais ou documento de valor probatorio equivalente, cunha relación numerada delas, así como a documentación que acredite o seu pagamento. Os orixinais marcaranse cun selo que indique a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcial-



mente á subvención, indicando, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención.

3º. Certificado que corresponda ao ano corrente, emitido polo organismo que realiza os controis (consello regulador, Ingacal ou organismo independente de certificación), en que se acredite que a explotación obxecto da solicitude está inscrita no correspondente programa de calidade polo que se solicita a subvención e está sometida aos controis pertinentes.

#### Artigo 10. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Por tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estean en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir a persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.





4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

#### Artigo 11. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado relacións administrativas coa cidadanía e entidades, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a [secretariaxeraltecnica.cmmr@xunta.es](mailto:secretariaxeraltecnica.cmmr@xunta.es)

#### Disposición adicional única

As referencias que na Orde do 11 de xuño de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas que se convocan mediante esta orde, se fan ao Regulamento (UE) 65/2011 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de desenvolvemento rural, deben ser entendidas como feitas ao Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.



## Disposición derradeira primeira

Facúltase a directora xeral de Produción Agropecuaria para ditar as instrucións que sexan necesarias para a execución desta orde.

## Disposición derradeira segunda

Esta orde terá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2015

Rosa María Quintana Carballo  
Conselleira do Medio Rural e do Mar





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS INDIVIDUAIS AOS PRODUTORES QUE PARTICIPEN NOS PROGRAMAS DE PRODUCCIÓN E MELLORA DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS CON CALIDADE DIFERENCIADA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>MR362A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL						NIF	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		CÓDIGO DE EXPLOTACIÓN (C.E.A.)			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>DATOS BANCARIOS</b>							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
<input type="text"/>				IBAN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA</b>							
IMPORTE DA AXUDA	PROGRAMA DE CALIDADE DIFERENCIADA NO QUE ESTÁ INSCRITO OU NO QUE PARTICIPA						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CONCEPTO SUBVENCIONABLE						IMPORTE DOS GASTOS SUBVENCIONABLES	
GASTOS DE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN							
GASTOS DE CONTROL							

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA QUE</b>							
- Que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume. - Non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e que cumpre as obrigas do artigo 11 da citada lei, en concreto, que non solicitou nin se lle concedeu axuda ningunha para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas e que comunicará ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. A dita modificación comunicárase tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.							




**ANEXO I**  
 (continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE**
 Copia do DNI (no caso de non autorizar a consulta de datos de identidade)

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación (para persoas xurídicas)	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

 SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [secretariaxeraltecnicamrm@xunta.es](mailto:secretariaxeraltecnicamrm@xunta.es)


**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 18 de maio de 2015 pola que se convocan para o ano 2015 as axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013.

- Orde do 11 de xullo de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013 e se convocan estas axudas para o ano 2013.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**


Lugar e data

 ,  de  de 


Dirección Xeral de Producción Agropecuaria


 GOBIERNO DE ESPAÑA  
 MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

 FEADER:  
 Europa invierte  
 no rural  
 UNIÓN EUROPEA

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

ANEXO II-A

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS COLECTIVAS AOS PRODUTORES QUE PARTICIPEN NOS PROGRAMAS DE PRODUCCIÓN E MELLORA DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS CON CALIDADE DIFERENCIADA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR362B</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		CÓDIGO DE EXPLOTACIÓN (C.E.A.)			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA</b>							
Importe da axuda	€ coa desagregación seguinte.						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
PROGRAMA DE CALIDADE DIFERENCIADA NO QUE ESTÁN INSCRITOS OS SOLICITANTES							
<input type="text"/>							
<table border="1"> <thead> <tr> <th>CONCEPTO SUBVENCIONABLE</th> <th>IMPORTE DOS GASTOS SUBVENCIONABLES</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>GASTOS DE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN</td> <td></td> </tr> <tr> <td>GASTOS DE CONTROL</td> <td></td> </tr> </tbody> </table>		CONCEPTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DOS GASTOS SUBVENCIONABLES	GASTOS DE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN		GASTOS DE CONTROL	
CONCEPTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DOS GASTOS SUBVENCIONABLES						
GASTOS DE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN							
GASTOS DE CONTROL							

<b>A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA</b>
Que como entidade colaboradora non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e que cumpre as abrigas do artigo 11 da citada lei.

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA</b>
<input type="checkbox"/> Relación numerada de produtores inscritos no programa de calidade que solicitan axuda co seu importe (anexo II-B). <input type="checkbox"/> Certificado de que todos os produtores solicitantes teñen as súas explotacións inscritas no correspondente programa de calidade e están sometidas aos controis pertinentes.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [secretariaxeraltecnicamrm@xunta.es](mailto:secretariaxeraltecnicamrm@xunta.es)





**ANEXO II-A**  
(continuación)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 18 de maio de 2015 pola que se convocan para o ano 2015 as axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013.

- Orde do 11 de xullo de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013 e se convocan estas axudas para o ano 2013.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral de Producción Agropecuaria




GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE AGRICULTURA, ALIMENTACION  
Y MEDIO AMBIENTE



**FEADER:**  
Europa inviste  
no rural  
UNIÓN EUROPEA

 **SEDE ELECTRONICA** Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: cxorlo79-ij03-3ef1-xcr0-rdkjupizpsb6







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

ANEXO II-C

**AUTORIZACIÓN AO CONSELLO REGULADOR PARA TRAMITAR AS AXUDAS AOS PRODUTORES QUE PARTICIPEN NOS PROGRAMAS DE PRODUCCIÓN E MELLORA DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS CON CALIDADE DIFERENCIADA****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

CP

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

CÓDIGO DE EXPLOTACIÓN (C.E.A.)

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

CP

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**A PERSOA SOLICITANTE QUE AUTORIZA OU REPRESENTANTE DECLARA QUE**

- Ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume.

- Non está incursa en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e que cumpre as obrigas do artigo 11 da citada lei, en concreto, que non solicitou nin se lle concedeu axuda ningunha para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas e que comunicará ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. A dita modificación comunicárase tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA** Acreditación da representación (para persoas xurídicas)**AUTORIZO**para que o Consello Regulador da  con NIF  actúe no seu nome e representación en todos os actos relativos á solicitude, tramitación e xustificación das axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, para as convocatorias correspondentes ao período 2008-2015.En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [secretariaxeraltecnica.cmrm@xunta.es](mailto:secretariaxeraltecnica.cmrm@xunta.es)



**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 18 de maio de 2015 pola que se convocan para o ano 2015 as axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013.

- Orde do 11 de xullo de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013 e se convocan estas axudas para o ano 2013.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE QUE AUTORIZA OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de Secretaría do Consello Regulador. GOBIERNO  
DE ESPAÑAMINISTERIO  
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN  
Y MEDIO AMBIENTEFEADER:  
Europa inviste  
no rural  
UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

## ANEXO III-A

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA AXUDA PARA PRODUTORES INSCRITOS EN CONSELLOS  
REGULADORES QUE TEÑAN FORMALIZADO CONVENIO DE COLABORACIÓN**

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**

- Que como entidade colaboradora non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e que cumpre as abrigas do artigo 11 da citada lei.
- Que a entidade colaboradora dispón dos xustificantes dos gastos efectuados por cada beneficiario, que están amparados en facturas e/ou outros documentos de pagamento válidos.
- Que os gastos realizados por cada beneficiario coinciden cos comunicados á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e que son subvencionables de acordo coa normativa reguladora destas axudas.

**DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA**Importe  € coa desagregación seguinte.

PROGRAMA DE CALIDADE DIFERENCIADA EN QUE ESTÁN INSCRITOS OS BENEFICIARIOS

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DOS GASTOS SUBVENCIONABLES
GASTOS DE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN	
GASTOS DE CONTROL	

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de GOBIERNO  
DE ESPAÑAMINISTERIO  
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN  
Y MEDIO AMBIENTEFEADER:  
Europa inviste  
no rural

UNIÓN EUROPEA

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

## ANEXO IV

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO PARA PRODUTORES NON INSCRITOS EN CONSELLOS REGULADORES E PRODUTORES INSCRITOS EN CONSELLOS REGULADORES QUE NON TEÑAN FORMALIZADO CONVENIO DE COLABORACIÓN****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**SOLICITA**

Que lle sexan pagadas, de acordo cos gastos realizados e xustificados relacionados, as axudas aos produtores que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada por un importe de  €.

PROGRAMA DE CALIDADE DIFERENCIADA EN QUE ESTÁ INSCRITO OU EN QUE PARTICIPA

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DOS GASTOS SUBVENCIONABLES
GASTOS DE INSCRIPCIÓN E PARTICIPACIÓN	
GASTOS DE CONTROL	

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE**

Non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e que cumpre as obrigas do artigo 11 da citada lei, en concreto, que non solicitou nin se lle concedeu axuda ningunha para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Xustificantes dos gastos efectuados: facturas orixinais ou documento de valor probatorio equivalente, cunha relación numerada delas, así como a documentación que acredite o seu pagamento.
- Certificado que corresponda ao ano corrente, emitido polo organismo que realiza os controis (consello regulador, Ingagal ou organismo independente de certificación), en que se acredite que a explotación obxecto da solicitude está inscrita no correspondente programa de calidade polo que se solicita a subvención e está sometida aos controis pertinentes.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de 

GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>